

ACTA NÚMERO: 06/2026

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 12 DE FEBREIRO DE 2026.

Na sala de comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 12 de febreiro de 2026 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- D. Manuel Carramal Silva, Xefe da Sección de Informes da Secretaría.
- Dona María Belén Pampín Camino, Xefa da Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Pablo Montero Carrera, Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 5 de febreiro de 2026 (Reunión 05/2026).*
2. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Televisión da Mancomunidade do Salnés, S.L. (CIF B36223600) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2025000544).*
3. *Dar conta da oferta presentada pola empresa Hansei Media, S.L. (CIF B27855501) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2026001006).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra "Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcarei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada". (Expte.- 2025071786).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado para a contratación da renovación parcial do sistema de aire acondicionado do centro de proceso de datos principal da Deputación. (Expte.- 2025070768).*
6. *Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A", correspondentes á documentación avaliable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de desenvolvemento de obradoiros de saúde mental dirixidos aos 19 centros educativos públicos nos que se imparte E.S.O e Bacharelato solicitantes do programa "En plan ben". (Expte.- 2025077353).*
7. *Apertura electrónica dos sobres "B" correspondente á documentación avaliable mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de desenvolvemento de obradoiros de saúde mental dirixidos aos 19 centros educativos públicos nos que se imparte E.S.O e Bacharelato solicitantes do programa "En plan ben". (Expte.- 2025077353).*

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE e Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.



Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 5 de febreiro de 2026 (Reunión 05/2026).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión, votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 5 de febreiro de 2026 (Reunión 05/2026).

2. Dar conta da oferta presentada pola empresa Televisión da Mancomunidade do Salnés, S.L. (CIF B36223600) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2025000544).

Por Resolución Presidencial número 2026000526 de data 23/01/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo de cobertura publicitaria con Televisión da Mancomunidade do Salnés, S.L. de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Televisión da Mancomunidade do Salnés, S.L. (CIF B36223600), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 28/01/2026.

A empresa Televisión da Mancomunidade do Salnés, S.L. (CIF B36223600) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	37.190,08 €
IVE (21 %)	7.809,92 €
Importe ofertado con IVE	45.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Televisión da Mancomunidade do Salnés, S.L. (CIF B36223600), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026.



3. Dar conta da oferta presentada pola empresa Hansei Media, S.L. (CIF B27855501) no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación da cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026 (Expte. 2026001006).

Por Resolución Presidencial número 2026000687 de data 27/01/2026, aprobouse o expediente para a contratación, mediante procedemento negociado sen publicidade e exclusividade, do servizo de cobertura publicitaria con Hansei Media, S.L. de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026.

Na citada resolución tamén se procedeu a invitar á empresa Hansei Media, S.L. (CIF B27855501), a presentar proposición, no caso de estar interesada, ata as 10:00 horas do día seguinte ao transcurso do prazo de 10 días naturais, contado dende o seguinte á data do envío da invitación a través da Plataforma de Contratación do Sector Público (PCSP), que se produce o día 28/01/2026.

A empresa Hansei Media, S.L. (CIF B27855501) presentou a correspondente proposición, e unha vez examinada a documentación, a empresa resultou admitida no procedemento.

A oferta económica presentada foi a seguinte:

Importe ofertado sen IVE	33.057,85 €
IVE (21 %)	6.942,15 €
Importe ofertado con IVE	40.000,00 €

A Mesa de Contratación queda enterada da oferta presentada pola empresa Hansei Media, S.L. (CIF B27855501), no procedemento negociado sen publicidade e exclusividade tramitado para a contratación do servizo de cobertura publicitaria de todas as accións desenvolvidas pola Deputación de Pontevedra para a anualidade 2026.

4. Apertura electrónica dos sobres “A” correspondentes á documentación administrativa e documentación avialable mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da obra “Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcarei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada”. (Expte.-2025071786).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo adoptado pola Xunta de Goberno na sesión ordinaria do 16 de xaneiro de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación mediante procedemento aberto simplificado do contrato para execución da obra “Reposición do firme na E.P. 7001 A Estrada-Forcarei, dende o P.Q. 0+300 ao P.Q. 12+200. Concello de A Estrada”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 20 de xaneiro de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.



O Secretario comenta que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa a Mesa de Contratación acorda:

1. Admitir as seguintes empresas:

- CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A. (COVSA).
- CONSTRUCCIONES Y OBRAS TABOADA Y RAMOS, S.L.U.
- FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L.
- HORDESCON, S.L.
- MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES AROSA, S.L.
- NAROM, S.L.
- NEMESIO ORDÓÑEZ, S.A.
- ORESA ASFALTOS, S.A.

2. Trasladar a documentación técnica descargada dos sobres "A" que presentaron as empresas admitidas ao Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, ao obxecto de que os técnicos avalíen e ponderen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

5. Apertura electrónica dos sobres "A" correspondentes á documentación administrativa e documentación avaliable mediante xuízos de valor do procedemento aberto simplificado para a contratación da renovación parcial do sistema de aire acondicionado do centro de proceso de datos principal da Deputación. (Expte.-2025070768).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que por acordo da Xunta de Goberno na sesión de data 26/12/2025 aprobouse a expediente de contratación mediante procedemento aberto simplificado da renovación parcial do sistema de aire acondicionado do Centro de Proceso de Datos principal da Deputación de Pontevedra. Por acordo da Xunta de Goberno na sesión que tivo lugar o día 23/01/2026 rectificanse os pregos administrativo e técnico de dito procedemento.



O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 23/01/2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da plataforma de contratación do sector público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

A clave privada deste procedemento permaneceu baixo custodia de PLACE, a cal pode acreditar que se gardaron mediante procedementos de seguridade internos debidamente certificados por un auditor externo.

Esta clave só se entrega á mesa de contratación para o descifrado da información, no momento e baixo as condicións previstas polo órgano de contratación unha vez finalizado o prazo de presentación de ofertas.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres "A" correspondente á documentación administrativa e correspondente aos criterios avaliáveis mediante xuízos de valor do devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- DALDARA TECHNOLOGY SPAIN S.L. B13847777
- ELECTRÓNICA NOROESTE SERVICIOS GENERALES S.L. B15123177
- SERVICIOS INTEGRALES DE GESTIÓN Y MANTENIMIENTO S.A. A74257437

Así mesmo a Mesa de Contratación acorda trasladar a documentación correspondente aos criterios avaliáveis mediante xuízos de valor aos técnicos do servizo de Novas Tecnoloxías para a súa valoración.

6. Aprobación das valoracións técnicas dos sobres "A", correspondentes á documentación avaliábel mediante xuízos de valor, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de desenvolvemento de obradoiros de saúde mental dirixidos aos 19 centros educativos públicos nos que se imparte E.S.O e Bacharelato solicitantes do programa "En plan ben". (Expte.-2025077353).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, na sesión de data 29 de xaneiro de 2026, procedeuse á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa e ofertas avaliáveis mediante xuízos de valor, presentadas polas empresas que participan no procedemento referenciado.



Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acordou admitir ás seguinte empresas nos lotes que se indican:

- **Lotes nº 1, 2 e 3:**
 - Emocional Technologies 22, S.L. (NIF: B05319207)
 - Norformacion, S.L. (NIF: B36343218)
 - Savisu Soluciones, S.L (NIF: B56328008)

A continuación, acordouse trasladar a documentación técnica que presentaron as empresas admitidas ao servizo de Xuventude e Reto Demográfico, ao obxecto de que avaliasen e ponderasen as propostas ofertadas seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto simplificado.

A xefa do servizo de Xuventude e Reto Demográfico emitiu informe de valoración dos criterios avaliados mediante xuízos de valor, con data 4 de febreiro de 2026 e con CSV: FV0R4FTXMV49XKEA, sendo as puntuacións outorgadas as seguintes:

Nº LOTE	CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN	PUNTUACIÓN MÁXIMA	Emocional Technologies 22, S.L.	Norformación S.L.	Savisu Soluciones, S.L
1	Adecuación orixinalidade e	5,000	4,000	2,500	2,000
	Ferramentas recursos e	5,000	4,000	2,500	2,000
	Aplicabilidade práctica	10,000	7,000	5,000	3,000
	Recursos programa post-	5,000	4,000	3,500	1,000
	TOTAL LOTE 1	25,000	19,000	13,500	8,000
2	Adecuación orixinalidade e	5,000	2,500	2,500	2,000
	Ferramentas recursos e	5,000	4,000	2,500	2,000
	Aplicabilidade práctica	10,000	6,000	5,000	3,000
	Recursos programa post-	5,000	4,000	3,500	1,000
	TOTAL LOTE 2	25,000	16,500	13,500	8,000
3	Adecuación orixinalidade e	5,000	4,250	2,500	2,000
	Ferramentas recursos e	5,000	4,000	2,500	2,000
	Aplicabilidade práctica	10,000	7,000	5,000	3,000
	Recursos programa post-	5,000	3,750	3,500	1,000
	TOTAL LOTE 3	25,000	19,000	13,500	8,000

A Mesa de Contratación, en base a dito informe, acorda:



- 1) Prestar conformidade as citadas puntuacións, acadada polas empresas admitidas.
- 2) Proceder á apertura dos sobres “B”, relativos ás ofertas avaliadas mediante criterios automáticos, das empresas Emocional Technologies 22, S.L. (NIF: B05319207) e Norformación, S.L. (NIF: B36343218), ao alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos criterios non avaliados mediante fórmulas (12,500 puntos), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

7. Apertura electrónica dos sobres “B” correspondente á documentación avaliada mediante criterios de valoración automática, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación do servizo de desenvolvemento de obradoiros de saúde mental dirixidos aos 19 centros educativos públicos nos que se imparte E.S.O e Bacharelato solicitantes do programa “En plan ben”. (Expte.- 2025077353).

O Secretario da Mesa de Contratación informa aos asistentes da puntuación acadada na valoración das ofertas técnica presetadas nos sobres “A” polas empresas admitidas no procedemento, sendo as seguintes:

Nº LOTE	CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN		PUNTUACIÓN MÁXIMA	Emocional Technologies 22, S.L.	Norformación S.L.	Savisu Soluciones, S.L.
1	Metodoloxía de desenvolvemento do servizo	Adecuación orixinalidade e	5,000	4,000	2,500	2,000
		Ferramentas recursos e	5,000	4,000	2,500	2,000
		Aplicabilidade práctica	10,000	7,000	5,000	3,000
		Recursos programa post-	5,000	4,000	3,500	1,000
		TOTAL LOTE 1	25,000	19,000	13,500	8,000
2	Metodoloxía de desenvolvemento do servizo	Adecuación orixinalidade e	5,000	2,500	2,500	2,000
		Ferramentas recursos e	5,000	4,000	2,500	2,000
		Aplicabilidade práctica	10,000	6,000	5,000	3,000
		Recursos programa post-	5,000	4,000	3,500	1,000
		TOTAL LOTE 2	25,000	16,500	13,500	8,000
3	Metodoloxía de desenvolvemento do servizo	Adecuación orixinalidade e	5,000	4,250	2,500	2,000
		Ferramentas recursos e	5,000	4,000	2,500	2,000
		Aplicabilidade práctica	10,000	7,000	5,000	3,000
		Recursos programa post-	5,000	3,750	3,500	1,000
		TOTAL LOTE 3	25,000	19,000	13,500	8,000



O Secretario da Mesa de Contratación informa que, unha vez aprobada a valoración da documentación contida nos sobres “A”, procédese a continuación á apertura dos sobres “B”, correspondentes coas ofertas avaliadas mediante fórmulas, das empresas admitidas que non resultaron excluídas e que acadaron unha puntuación mínima do 50% da puntuación máxima permitida nos sobres “A”.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público, que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descifrado e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondentes coas ofertas avaliadas mediante criterios automáticos, presentadas polas empresas que continúan no devandito procedemento.

Os valores ofertados foron os seguintes:

Emocional Technologies 22, S.L. (NIF: B05319207)

Lote nº1:

1. Menor prezo ofertado, sen IVE:

Importe sen o IVE:	9.759,65 €
IVE (21 %):	975,97 €
Importe total ofertado:	10.735,62 €

2. Sesións extras de reforzo:

Horas completas adicionais no Bloque 2, por riba das horas mínimas esixidas, para sesións de reforzo destinadas aos grupos de alumnado que o soliciten en cada un dos centros do lote.	<input checked="" type="checkbox"/> Oferta 2 horas completas adicionais en cada un dos grupos destinatarios dos centros do lote.
Horas completas adicionais no Bloque 3, por riba das horas mínimas esixidas, para sesións de reforzo destinadas ao grupo de profesorado que o soliciten en cada un dos centros do lote.	<input checked="" type="checkbox"/> Oferta 2 horas completas adicionais no grupo destinatario dos centros do lote.

Lote nº2:

1. Menor prezo ofertado, sen IVE:

Importe sen o IVE:	16.730,82 €
IVE (21 %):	1.673,08 €
Importe total ofertado:	18.403,90 €

2. Sesións extras de reforzo:



Horas completas adicionais no Bloque 2, por riba das horas mínimas esixidas, para sesións de reforzo destinadas aos grupos de alumnado que o soliciten en cada un dos centros do lote.	<input checked="" type="checkbox"/> Oferta 2 horas completas adicionais en cada un dos grupos destinatarios dos centros do lote.
Horas completas adicionais no Bloque 3, por riba das horas mínimas esixidas, para sesións de reforzo destinadas ao grupo de profesorado que o soliciten en cada un dos centros do lote.	<input checked="" type="checkbox"/> Oferta 2 horas completas adicionais no grupo destinatario dos centros do lote.

Lote nº3:

1. Menor prezo ofertado, sen IVE:

Importe sen o IVE:	20.913,52 €
IVE (21 %):	2.091,35 €
Importe total ofertado:	23.004,87 €

2. Sesións extras de reforzo:

Horas completas adicionais no Bloque 2, por riba das horas mínimas esixidas, para sesións de reforzo destinadas aos grupos de alumnado que o soliciten en cada un dos centros do lote.	<input checked="" type="checkbox"/> Oferta 2 horas completas adicionais en cada un dos grupos destinatarios dos centros do lote.
Horas completas adicionais no Bloque 3, por riba das horas mínimas esixidas, para sesións de reforzo destinadas ao grupo de profesorado que o soliciten en cada un dos centros do lote.	<input checked="" type="checkbox"/> Oferta 2 horas completas adicionais no grupo destinatario dos centros do lote.

Norformacion, S.L. (NIF: B36343218)

Lote nº1:

1. Menor prezo ofertado, sen IVE:

Importe sen o IVE:	9.900,00 €
IVE (21 %):	990,00 €
Importe total ofertado:	10.890,00 €

2. Sesións extras de reforzo:

Horas completas adicionais no Bloque 2, por riba das horas mínimas esixidas, para sesións de reforzo destinadas aos grupos de alumnado que o soliciten en cada un dos centros do lote.	<input checked="" type="checkbox"/> Oferta 2 horas completas adicionais en cada un dos grupos destinatarios dos centros do lote.
Horas completas adicionais no Bloque 3, por riba das horas mínimas esixidas, para sesións de reforzo destinadas ao grupo de profesorado que o soliciten en cada un dos centros do lote.	<input checked="" type="checkbox"/> Oferta 2 horas completas adicionais no grupo destinatario dos centros do lote.

Lote nº2:

1. Menor prezo ofertado, sen IVE:



Importe sen o IVE:	16.265,00 €
IVE (21 %):	1.626,50 €
Importe total ofertado:	17.891,50 €

2. Sesións extras de reforzo:

Horas completas adicionais no Bloque 2, por riba das horas mínimas esixidas, para sesións de reforzo destinadas aos grupos de alumnado que o soliciten en cada un dos centros do lote.	<input checked="" type="checkbox"/> Oferta 2 horas completas adicionais en cada un dos grupos destinatarios dos centros do lote.
Horas completas adicionais no Bloque 3, por riba das horas mínimas esixidas, para sesións de reforzo destinadas ao grupo de profesorado que o soliciten en cada un dos centros do lote.	<input checked="" type="checkbox"/> Oferta 2 horas completas adicionais no grupo destinatario dos centros do lote.

Lote nº3:

1. Menor prezo ofertado, sen IVE:

Importe sen o IVE:	20.100,00 €
IVE (21 %):	2.010,00 €
Importe total ofertado:	22.110,00 €

2. Sesións extras de reforzo:

Horas completas adicionais no Bloque 2, por riba das horas mínimas esixidas, para sesións de reforzo destinadas aos grupos de alumnado que o soliciten en cada un dos centros do lote.	<input checked="" type="checkbox"/> Oferta 2 horas completas adicionais en cada un dos grupos destinatarios dos centros do lote.
Horas completas adicionais no Bloque 3, por riba das horas mínimas esixidas, para sesións de reforzo destinadas ao grupo de profesorado que o soliciten en cada un dos centros do lote.	<input checked="" type="checkbox"/> Oferta 2 horas completas adicionais no grupo destinatario dos centros do lote.

Procédese de seguido a efectuar a ponderación dos valores ofertados correspondentes aos criterios de valoración automática, de conformidade coas fórmulas recollidas no prego, sendo as puntuacións obtidas as seguintes:

		PUNTUACIÓN MÁXIMA	Emocional Technologies 22, S.L.	Norformacion, S.L.
Lote nº 1	Menor prezo ofertado	49,000 puntos	47,801 puntos	44,545 puntos
	Sesións extra de reforzo. Bloque 2	16,000 puntos	16,000 puntos	16,000 puntos
	Sesións extra de reforzo. Bloque 3	10,000 puntos	10,000 puntos	10,000 puntos



	TOTAL LOTE Nº 1	75,000 puntos	73,801 puntos	70,545 puntos
Lote nº 2	Menor prezo ofertado	49,000 puntos	43,331 puntos	49,000 puntos
	Sesiões extra de reforzo. Bloque 2	16,000 puntos	16,000 puntos	16,000 puntos
	Sesiões extra de reforzo. Bloque 3	10,000 puntos	10,000 puntos	10,000 puntos
	TOTAL LOTE Nº 2	75,000 puntos	69,331 puntos	75,000 puntos
Lote nº 3	Menor prezo ofertado	49,000 puntos	41,189 puntos	49,000 puntos
	Sesiões extra de reforzo. Bloque 2	16,000 puntos	16,000 puntos	16,000 puntos
	Sesiões extra de reforzo. Bloque 3	10,000 puntos	10,000 puntos	10,000 puntos
	TOTAL LOTE Nº 3	75,000 puntos	67,189 puntos	75,000 puntos

As puntuacións totais obtidas, resultantes da suma das puntuacións acadadas na valoración dos sobres A e B son as seguintes:

		PUNTUACIÓN MÁXIMA	Emocional Technologies 22, S.L.	Norformacion, S.L.
Lote nº 1	SOBRE A	25,000 puntos	19,000 puntos	13,500 puntos
	SOBRE B	75,000 puntos	73,801 puntos	70,545 puntos
	TOTAL LOTE Nº 1	100,000 puntos	92,801 puntos	84,045 puntos
Lote nº 2	SOBRE A	25,000 puntos	16,500 puntos	13,500 puntos
	SOBRE B	75,000 puntos	69,331 puntos	75,000 puntos
	TOTAL LOTE Nº 2	100,000 puntos	85,831 puntos	88,500 puntos
Lote nº 3	SOBRE A	25,000 puntos	19,000 puntos	13,500 puntos
	SOBRE B	75,000 puntos	67,189 puntos	75,000 puntos
	TOTAL LOTE Nº 3	100,000 puntos	86,189 puntos	88,500 puntos

En base ao exposto a Mesa de contratación acorda:

- 1) Propor ao órgano de contratación a exclusión da empresa Savisu Soluciones, S.L (NIF: B56328008) ao non alcanzar un mínimo do 50% da puntuación máxima en función dos



criterios non avaliados mediante fórmulas (12,500 puntos), de conformidade co establecido no prego de cláusulas económico-administrativas particulares.

- 2) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas ao procedemento aberto simplificado convocado para contratación do “servizo de desenvolvemento de obradoiros de saúde mental dirixidos aos 19 centros educativos públicos nos que se imparte E.S.O e Bacharelato solicitantes do programa EN PLAN BEN”, que queda da seguinte forma:

LOTE 1		
Posición	Licitor	Puntuación
1ª	Emocional Technologies 22, S.L. (NIF: B05319207)	92,801 puntos
2ª	Norformacion, S.L. (NIF: B36343218)	84,045 puntos

LOTE 2		
Posición	Licitor	Puntuación
1ª	Norformacion, S.L. (NIF: B36343218)	88,500 puntos
2ª	Emocional Technologies 22, S.L. (NIF: B05319207)	85,831 puntos

LOTE 3		
Posición	Licitor	Puntuación
1ª	Norformacion, S.L. (NIF: B36343218)	88,500 puntos
2ª	Emocional Technologies 22, S.L. (NIF: B05319207)	86,189 puntos

- 3) Propor ao órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación dos 3 lotes do procedemento aberto simplificado convocado para contratación do “servizo de desenvolvemento de obradoiros de saúde mental dirixidos aos 19 centros educativos públicos nos que se imparte E.S.O e Bacharelato solicitantes do programa EN PLAN BEN”, ós seguintes licitadores:

- O Lote número 1 a empresa Emocional Technologies 22, S.L. (NIF: B05319207) ao alcanzar a mellor puntuación no mencionado lote, dacordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polos prezos e valores ofertados .
- Os Lotes números 2 e 3 á empresa Norformacion, S.L. (NIF: B36343218) ao acadara as mellores puntuacións nos mencionados lotes, dacordo cos criterios de adxudicación que figuran no prego que rexe no procedemento, polos prezos e valores ofertados.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa Emocional Technologies 22, S.L. (NIF: B05319207) atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado. O certificado de inscrición acredita, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia de prohibicións para contratar.



A Mesa de Contratación comproba que a empresa Norformacion, S.L. (NIF: B36343218) atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado e no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia, co número de inscrición 3957. Os certificados de inscrición acreditan, a tenor do neles reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación e demais circunstancias inscritas, así como a concorrencia de prohibicións para contratar.

- 4) Facultar ao Secretario da Mesa de Contratación para que requira ás empresas Emocional Technologies 22, S.L. (NIF: B05319207) e Norformacion, S.L. (NIF: B36343218), mediante comunicación electrónica, para que no prazo de 7 días hábiles contando desde o seu envío, aporten a documentación establecida nos pregos para a adxudicación do contrato.

Que de non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e dezaioito minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

